

Ahora puedes
reciclar tus
cápsulas
de café en el
contenedor que
encontrarás
en esta tienda

6

Medio Ambiente

Compromiso coa protección
do medio ambiente



Compromiso coa sustentabilidade ambiental 307

En liña co noso compromiso n.º 5 de favorecer un consumo responsable, traballamos para mellorar o deseño e a execución da nosa actividade para ser máis respectuosos co medio e fomentar accións para a súa protección. Este modelo de comportamento en relación coa nosa contorna é, á súa vez, un dos principios do código de conduta da nosa organización.

En EROSKI traballamos para garantir o cumprimento da lexislación aplicable na materia en todos os seus ámbitos de actuación. Porén, ademais, engadimos un continuo esforzo para mellorar na identificación, caracterización e minimización dos principais impactos negativos, así coma na optimización dos impactos positivos que a nosa actividade ten no medio. Para facelo, consideramos todas as fases nas que, na nosa actividade como distribuidores, poidamos afectar a contorna. É dicir, desde a fabricación de produtos coas empresas proveedoras ata a xestión do residuo final xerado nos fogares e nas nosas propias instalacións. Esta visión global dos nosos efectos no medio procura actuar sen transferir os impactos dunha fase a outra, así coma transmitir tamén ese compromiso coa protección da contorna a todos os nosos grupos de interese.



Política ambiental 102-11

Este compromiso intégrase de forma transversal en toda a organización a través dunha política ambiental que alia o respecto polo medio e o benestar social cos nosos obxectivos estratéxicos. Esta política está dirixida a minimizar o noso impacto sobre o cambio climático,

a protexer e utilizar de xeito sostible os recursos naturais, a xestionar os residuos con modelos de economía circular e a preservar a biodiversidade. Os principios básicos da nosa política son:

<p>Manter unha actitude proactiva que, ademais de garantir o cumprimento da normativa ambiental vixente, nos leve a adquirir compromisos progresivamente esixentes.</p>	<p>Previr a contaminación mediante a sistematización da nosa xestión ambiental, de xeito que nos permita controlar, medir e evitar ou reducir o impacto ambiental asociado á nosa actividade.</p>	<p>Basear o sistema de xestión ambiental na mellora continua dos aspectos máis relevantes para a organización. Para logralo, fixamos obxectivos cuantificables e asignamos os recursos necesarios para a súa consecución.</p>
<p>Incluír a variable ambiental na investigación e o desenvolvemento dos produtos e servizos que ofertamos, procurando a rendibilidade das accións ambientais que poñemos en práctica e identificando novas oportunidades de negociación.</p>	<p>Fomentar actitudes de colaboración e participación de todos para conseguir o desenvolvemento sostible. Para facelo, a formación e a información das persoas son imprescindibles en todos os niveis da organización.</p>	<p>Establecer canles de comunicación fluídos con autoridades, comunidade local, organizacións sectoriais, provedores e consumidores que garantan unha difusión permanente e transparente dos impactos da nosa actividade, así coma dos recursos e tecnoloxías que destinamos a minimizalos.</p>

Colaboración con institucións e organizacións ambientais

Para a materialización desta política ambiental contamos co apoio de organizacións expertas en medio ambiente e convenios de colaboración con outras empresas que, ao igual que EROSKI, procuran realizar a súa actividade de xeito sostible.

Así, desde 2007 contamos coa colaboración de World Wildlife Fund for Nature (WWF) como experto mundial en conservación ambiental. Entre as nosas accións conxuntas destacan a actualización da nosa política de sustentabilidade en produtos pesqueiros ou a promoción dun consumo máis responsable a través da nosa Escola de Alimentación.

Ademais, formamos parte do European Retail Forum, unha plataforma voluntaria para o intercambio de mellores prácticas en sustentabilidade entre empresas e organizacións do sector da distribución en Europa. Compartir as nosas experiencias e aprender das doutras entidades

favorece a definición de novas accións de mellora que permiten reducir a pegada ambiental do noso sector e mellorar a información dos consumidores nesta materia.

Nesta mesma liña, formamos parte de Izaite, a Asociación de Empresas Vascas pola Sustentabilidade. Esta organización sen ánimo de lucro promove a formación e difusión en materia de desenvolvemento sostible e favorece a creación de alianzas entre administracións, centros formativos e empresas cun compromiso compartido coa sustentabilidade e a responsabilidade social.

Unha alianza deste tipo é a que levamos a cabo como membros do Basque Ecodesign Center, no que empresas privadas e a Sociedade Pública Vasca de Xestión Ambiental Ihobe colaboran na conceptualización e execución de proxectos innovadores de ecodesign, xunto coa Universidade do País Vasco (UPVEHU) e os centros de coñecemento líderes a nivel internacional.

Principais indicadores

Materiais 301-1

Materiais empregados nos produtos e envases de marca propia declarados aos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor



2.457 toneladas
Envases e embalaxes

Non renovables:

Aceiro	312
Plástico	818
Aluminio	49
Outros	55
Total:	1.235

Renovables:

Cerámica	5
Papel/cartón/madeira/cortiza	1.107
Vidro	110
Total:	1.222

Véxase a táboa 23 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.



101 toneladas
Pilas



0,011 toneladas
Lámpadas fluorescentes compactas



0,013 toneladas
Aceite



1.280 toneladas
Aparatos eléctricos e electrónicos

Papel consumido en publicidade e na sede social de EROSKI 301-1



5.137 toneladas
Papel

Folletos de publicidade	4.809
Revistas	318
Sede	11

Véxase a táboa 24 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Publicidade:

todo o papel conta coa certificación PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification Schemes), que garante a súa procedencia de bosques xestionados de forma sostible.

EROSKI Consumer y EROSKI Club:

todo o papel conta coa certificación FSC® (Forest Stewardship Council), que garante unha xestión forestal responsable.

Papel da sede:

empregamos un papel ecoeficiente con selo FSC e EU Ecolabel de menor gramaxe.

Envases loxísticos reutilizados 301-3



4.944.74 toneladas
Palés reutilizados



41.862.959 toneladas
Caixas plásticas reutilizadas

A porcentaxe de rotura varía entre 0,3 % e o 30 %, dependendo do tipo de envase loxístico. O total de roturas supón só un 2 % dos envases loxísticos.

Véxase a táboa 25 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Número de bolsas comercializadas en liña de caixas por tipo



144.225.762
Bolsas

Bolsa de plástico reutilizables certificadas por AENOR **83.004.198**

Bolsa de rafia, con plástico reciclado, reutilizable **1.431.930**

Bolsa solidaria reutilizable **221.122**

Bolsa con máis de un 55 % de plástico reciclado **164.823**

Bolsa de papel **16.569**

Bolsa compostable **339.545**

Bolsa de plástico dun só uso **59.047.575**

Energía 302-1; 302-2; 302-3; 302-4

consumo 2018 823.553.489 kWh
2.964.793 GJ

-4% respecto el 2017

Combustible non renovable


278.116.806 kWh
1.001.220 GJ

34 %
del total de enerxía consumida

-1 %
respecto el 2017



Gas Natural
9.976.723 Kwh
35.916 GJ




15%
respecto el 2017

4%
do consumo total de combustibles non renovables



Diésel
268.140.083 Kwh
965.304 GJ




-1%
respecto el 2017

96%
do consumo total de combustibles non renovables



Electricidade
545.436.683 Kwh
1.963.572 GJ



-6%
respecto el 2017

66%
do consumo total de enerxía consumida

Véxase a táboa 26 e a táboa 27 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores e os valores de kWh por negocio ou tipo de loxística.



Ratio de intensidade enerxética en EROSKI

0,18 kWh/€
ventas netas

634,34 kWh/m²
superficie comercial

Véxase a táboa 28 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Consumo de enerxía fóra da organización 302-2


10.708.575 kWh
38.551 GJ

Diésel consumido por viaxes de traballo por estrada:

Residuos 306-2

En EROSKI desenvolvemos procesos de logística inversa, desde as tendas ata as nosas plataformas, co obxectivo de asegurarnos da correcta xestión dos residuos xerados pola nosa actividade e minimizar o impacto ambiental da fase de transporte dos residuos por parte


do xestor autorizado. Porén, nalgúns casos o xestor recolle directamente o residuo nos nosos establecementos. Os datos presentados nesta memoria corresponden a todos os residuos xerados nos nosos negocios do dominio alimentario, recollidos mediante logística inversa ou xestor externo.



Consumo de auga 303-1

A auga que consumen as nosas tendas, plataformas e sedes subministra-se a través de redes municipais de abastecemento de auga potable, que xestionan directamente a captación e potabilización da auga distribuída.

951.375 m³ Extracción de auga por fonte



Véxase a táboa 31 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Verteduras e derramamentos 306-1; 306-3


A auga residual que xeramos trátase nas estacións de depuración de auga residual dos municipios nos que se desenvolve a nosa actividade. Esfímase que o volume de auga residual xerado en 2018 foi de 941.861 m³. EROSKI cumpre coa legalidade en materia de prevención e control de derramamentos e verteduras incontrolados, sen que se detectara ningún significativo en 2018.

941.861 m³ auga residual xerado

Refrixerantes consumidos para compensar fugas 301-1; 305-1

Todos os refrixerantes consumidos por EROSKI en 2018 para compensar fugas teñen un potencial de esgotamento do ozono nulo (substancias non incluídas nos anexos A, B, C e E do Protocolo de Montreal).

50,63 toneladas Consumo de refrixerantes



Véxase a táboa 32 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Produtos con certificacións ambientais

Incorporamos o obxectivo de preservación da biodiversidade terrestre e mariña na construción da nosa oferta comercial.


- 1.100 produtos **ecolóxicos**
- 361 mostradores e 7 plataformas logísticas de pesca certificados por **MSC**.
- 100 % do noso atún en conserva cumpre cos principios da **ISSF**.
- 398 produtos **EROSKI NATUR**, que inclúen certificacións como Globalgap G.A.P., de produción integrada ou de benestar animal.
- 53 produtos con selo **FSC®** o **PEFC**.

Localización dos nosos centros en zonas de gran valor para a biodiversidade 304-1

Do total dos nosos máis de 1.100 establecementos en España, 86 están situados dentro de zonas afectadas polas seguintes figuras de protección:


- ENP (Espazos Naturais Protexidos)
- IBAS (Áreas Importantes para a Conservación das Aves e a Biodiversidade en España)
- Rede Natura 2000 (LIC, ZEC e ZEPA)
- Reservas da Biosfera
- IEZH (Inventario Español de Zonas Húmidas)

Cómpre destacar que existen provincias ou comunidades autónomas nas que gran parte do seu territorio considérase espazo de gran valor para a biodiversidade, como Galicia ou Baleares. EROSKI cumpre sempre coa lexislación en materia ambiental e de biodiversidade á hora de localizar e construír os seus centros. Ademais, traballa para minimizar o impacto ambiental e impulsar medidas que preserven a biodiversidade a través de accións como a pesca sostible.



Emisións de gases de efecto invernadoiro pegada de carbono de EROSKI 305-1; 305-2; 305-3; 305-4; 305-5; 305-6

Tipo de emisións de gases de efectos invernadoiro e fontes de orixe incluídas nesta memoria:



* As emisións indirectas de alcance 3 son consecuencia das actividades de EROSKI, pero procedentes de fontes que non son da súa propiedade e sobre as que non ten control. En total, hai 15 categorías (artigos e servizos mercados, residuos xerados, uso de produtos vendidos, etc.),

mais nesta memoria inclúese só unha pequena parte delas debido á dispoñibilidade de datos. Nos próximos exercicios, prevese seguir a ampliar as actividades incluídas no alcance 3 da pegada de carbono de EROSKI.

Emisións de gases de efectos invernadoiro - pegada de carbono de EROSKI

634.441
toneladas
CO₂ eq./ano

Intensidade das emisións de GEI en EROSKI:

488,7 kg CO₂ eq./m²
superficie comercial


135,0 g CO₂ eq./€
ventas netas

Véxase a táboa 33 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Alcance 1

Emisións directas


171.796 kg CO₂ eq.



Alcance 2

Emisións indirectas por consumo eléctrico


152.722 kg CO₂ eq.



Alcance 3

Outras emisións indirectas

309.923 kg CO₂ eq.



Véxase a táboa 33 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.

Intensidade das emisións de gases de efecto invernadoiro	2018	2017
g CO ₂ eq/€ vendas netas	135,0	176,4
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	488,7	623,0
Alcance 1		
g CO ₂ eq/€ vendas netas	36,6	39,9
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	132,3	141,1
Alcance 2 (mix de comercializadoras)		
g CO ₂ eq/€ vendas netas	32,5	45,0
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	117,6	160,8
Alcance 3		
g CO ₂ eq/€ vendas netas	66,0	90,9
kg CO ₂ eq/m ² superficie comercial	238,7	321,1

Redución das emisións de gases de efecto invernadoiro	2018 vs. 2017	Observacións
Emisións directas (alcance 1)	-10 %	
Emisións indirectas por consumo eléctrico (alcance 2)	-30 %	Baixa o consumo e o factor de emisión do mix de comercializadoras
Outras emisións indirectas (alcance 3)	-29 %	A redución débese, principalmente, á redución do consumo de auga

Véxase a táboa 34 do anexo de indicadores para comparativa con anos anteriores.



Accións de mellora ambiental 308-1

Consonte a nosa política ambiental e os aspectos ambientais máis relevantes asociados á nosa actividade, en EROSKI contamos cunhas liñas de traballo que se basean na mellora continua e se aliñan cos nosos obxectivos estratéxicos. Gran parte delas recóllense no compromiso n.º 5 de fomento dun consumo

máis responsable, n.º 6 de ofrecer máis produtos locais, e n.º 10 de facilitar unha vida máis saudable e sostible. Estas accións de mellora afectan a distintas etapas do noso itinerario produtivo, polo que tamén involucramos os actores externos á nosa organización na medida en que poden contribuír a reducir a nosa pegada ambiental.

Produtos

En EROSKI consideramos indispensable colaborar con empresas proveedoras responsables que compartan o noso compromiso co desenvolvemento sostible para a incorporación do factor ambiental na nosa oferta. Como parte do noso compromiso n.º 5, dentro dos novos compromisos pola saúde e a sostibilidade, velamos porque todos os procesos, desde a orixe da produción ata as operacións na tenda, pasando por todas as transformación e manipulacións, reduzan o seu impacto ambiental. Isto inclúe a erradicación dos tratamentos fitosanitarios posteriores á colleita, a certificación das nosas peixarías con selos de sostibilidade, o control do uso de antibióticos, a incorporación de prácticas que garantan o benestar animal ou o fomento de gamas ecolóxicas.

Para conseguir que a nosa clientela goce de produtos cun mellor comportamento ambiental, actuamos en tres liñas de traballo fundamentais: a garantía da orixe sostible dos produtos, o fomento dos produtos locais e do consumo de proximidade e o ecodeseño dos envases e produtos das nosas marcas propias.



EROSKI Natur: sabor responsable

En 2018 cambiamos a promesa da nosa marca propia de frescos EROSKI Natur, que pasou a ser "Sabor responsable". Na selección de produtos e provedores non só esiximos unha calidade diferenciada para asegurar que sexan saborosos, senón que tamén esiximos requisitos adicionais que garantan que se producen seguindo prácticas máis respectuosas co medio ambiente.

Conseguimos certificacións de benestar animal para a nosa marca EROSKI Natur en polo rústico, porco Duroc e fernasco de Aragón. O polo, ademais, criouse sen antibióticos, o que contribuír a evitar aos consumidores posibles resistencias aos medicamentos. No tocante ao maior respecto ao medio ambiente, incorporamos certificacións que garanten que os alimentos foron producidos seguindo procesos máis respectuosos co medio. Por exemplo, todo o peixe fresco está certificado por MSC® (Marine Stewardship Council), o peixe de crianza ten o selo GlobalG.A.P. de acuicultura, as froitas e verduras teñen tamén o selo GlobalG.A.P. de produción agrícola ou un selo de produción integrada. Ademais, eliminamos os tratamentos posteriores á colleita nos nosos cítricos e froitas de óso, reducindo deste xeito o consumo de materias primas e a xeración de residuos. Tamén ampliamos a nosa gama de produtos frescos con produtos de valor en categorías nas que ata entón a marca non estaba presente, como panadaría ou ovos. Estes últimos proceden de galiñas campeiras criadas en granxas nas que se poden mover libremente e con acceso ao ar libre.

Orixe sostible certificada

Hai décadas que traballamos para ofertar alternativas máis saudables e sostibles aos consumidores.

Algúns fitos nesta traxectoria foron a eliminación, en 1989, dos aerosois CFC, prexudiciais para a capa de ozono, e a garantía, desde 2004, de que ningún produto de marca propia contén transxénicos. Na mesma liña, desde hai anos contamos con diversas certificacións, etiquetas e marcas que aseguran a orixe sostible dos nosos produtos. Algunhas significativas de entre todas elas son as seguintes:



Belle Natural: cosmética certificada COSMOS Natural

En 2018 lanzamos ao mercado a primeira gama de cosmética certificada COSMOS Natural de marca propia. Está formada por dezaseis produtos que cobren as necesidades básicas da rutina diaria de hixiene e beleza, comercializados baixo a nosa marca Belle NATURAL.

Toda a nova gama está certificada como cosmético natural segundo o estándar COSMOS e está homologada polo prestixioso organismo internacional ECOCERT. A devandita norma regula desde a elaboración de cada ingrediente e a produción ata a embalaxe, o etiquetado ou a xestión ambiental, entre outros aspectos. Deste xeito, obrígase a empregar uns parámetros de formulación nos que tanto as materias primas empregadas como o seu proceso de fabricación teñen que estar previamente certificados. Toda a nova gama foi certificada con, polo menos, o **98 % de ingredientes naturais** ou de orixe natural, tales como a manteiga de karité, extractos vexetais, aceite de noz de Macadamia ou extractos de flores e froitas como o xasmín ou a goiaba, entre outros. Así mesmo, aínda que a norma non o esixe, o 5 % dos produtos Belle NATURAL son de orixe ecolóxica.



La marca de la gestión forestal responsable
FSC® N002186

Produtos de madeira de bosques sustentables

Supón a garantía de que as madeiras utilizadas para a produción dos nosos artigos de papelería ou mobiliario de xardín proveñen de cortas legais e sostibles. No exercicio 2018 comercializamos 45 artigos de papelería, mobiliario de xardín e artigos de limpeza e hixiene co selo FSC o PEFC. Tamén empregamos papel con esta certificación nas etiquetas dos produtos de carnicaría de marca propia.

Produtos ecolóxicos

Esforzámonos por ofrecer alimentos procedentes da agricultura e da gandaría ecolóxica, xa que supón un modelo produtivo garante das mellores prácticas ambientais. Este modelo evita o uso de substancias químicas de orixe sintética e de aditivos artificiais, ademais de fomentar a preservación da biodiversidade e dos recursos naturais e o respecto do benestar animal. En 2018 a nosa oferta incluíu **1.100 produtos ecolóxicos** acreditados con diferentes etiquetaxes de certificación, entre os que destaca o logo europeo.

Comprometidos co benestar animal

- O volume de **ovos de galiñas criadas no chan** que comercializamos nas nosas tendas supón xa arredor do 35 % das nosas vendas. En EROSKI comprometémonos a que esta porcentaxe acade o 100 % dos ovos comercializados en toda a rede de tendas 2024.
- O polo EROSKI Natur conta tamén cunha certificación outorgada por Certicar, que fai referencia a características do sistema de cría e ao benestar animal. Trátase dun polo de crecemento lento -mínimo 56 días-, criado nun sistema extensivo en interior, cun menor número de aves por metro cadrado para un maior espazo e liberdade de movemento. Unha das novidades na súa alimentación é a ache-ga de cereal en gran enteiro. A alimentación é 100 % vexetal, cun mínimo do 50 % de millo. Ademais, as **granxas de polo EROSKI Natur foron certificadas por Certicar segundo o "Prego particular de condicións para a certificación en benestar animal de polos de carne" desenvolvido por Neiker** e baseado na metodoloxía *Animal Welfare Indicators (AWIN)*, co nivel de categoría *premium*.
- Incorporamos a **certificación GlobalG.A.P. de acuicultura** ao peixe de crianza EROSKI Natur, que contén uns requisitos específicos e esixentes respecto ao benestar animal dos peixes, tanto durante a súa cría como no transporte e sacrificio.

Pesca sostenible en EROSKI

Co obxectivo de seguir traballando pola conservación da biodiversidade nos mares e océanos a través dun aproveitamento racional dos recursos mariños, en 2016 acordamos a política de pesca sostenible de EROSKI. En resposta aos compromisos adquiridos nesta materia,

en 2018 seguimos traballando por unha pesca sostenible da man de organizacións internacionais de referencia. A política de pesca sostenible artícuase en once principios que engloban tanto as boas prácticas que xa realizamos como os retos que nos marcamos para o futuro.

Principios e compromisos da política de pesca sostenible de EROSKI

<p>Artes de pesca e peixe sostenibles na nosa oferta comercial.</p> 	<p>Incorporación da sustentabilidade dos recursos pesqueiros na construción da oferta comercial.</p>	<p>Comercialización de produtos procedentes só de pescarías e caladoiros autorizados.</p>
<p>Respecto dos tamaños mínimos e proactividade para establecer tamaños mínimos superiores aos esixidos.</p>	<p>Fomento do emprego de artes de pesca sostenibles entre as empresas proveedoras.</p>	<p>Fomento dos produtos sostenibles e certificados como MSC para pesca extractiva.</p>
<p>Sustentabilidade na cadea de valor</p> 	<p>Potenciación das confrarías e dos provedores locais máis próximos ás tendas.</p> <p>Redución do impacto ambiental da actividade de distribución da pesca.</p>	<p>Selección de empresas proveedoras que cumpran e respecten os dereitos fundamentais dos traballadores segundo o Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo sobre o traballo da pesca.</p>
<p>Transparencia e gobernanza</p> 	<p>Etiquetado e comunicación transparente cos consumidores.</p> <p>Escoita e colaboración con todo o sector pesqueiro e o resto dos grupos de interese.</p>	<p>Información e formación dos consumidores no ámbito da pesca sostenible.</p> <p>Sistema de gobernanza, con medidas eficientes de control e auditoría que afiancen en EROSKI a práctica desta política de pesca sostenible.</p>

Logros en materia de pesca sostenible en 2018



En 2017 convertémonos na primeira cadea de distribución retalista de España en superar a auditoría de MSC de cadea de custodia de peixe fresco. A acreditación de pesca sostenible MSC audita tanto o caladoiro como as empresas implicadas en todo o proceso de manipulación do peixe, de forma a garantir a rastrexabilidade e as boas prácticas en toda a cadea de custodia. En 2018 renovamos a certificación da cadea de custodia do peixe fresco MSC e tamén incorporamos o selo a nosa gama comercial de peixe e marisco conxelado. Co lanzamento de pescada conxelada, sumamos xa once referencias de peixe e marisco conxelado co selo azul en toda a nosa rede comercial. Prevemos que a comercialización de peixe certificado MSC acade os dous millóns de quilos en 2020.

En 2018 convertémonos na primeira cadea de distribución de España en superar a auditoría de cadea de custodia de acuicultura certificada GlobalG.A.P., que acredita que as especies de venda nas nosas peixarías e procedentes deste tipo de cría se produciron de xeito seguro e sostenible. Deste xeito, son xa 361 os mostradores de peixaría das nosas tendas que comercializan dourada, corvina, robaliza e rodaballo con selo GGN.

Ao compromiso de garantir a orixe sostenible de toda a nosa gama de conservas de atún, engadimos a necesidade de que sexa capturado só coas artes de pesca máis responsables: Atún de pesca responsable, sen obxecto FAD, MSC e Fishery Improvement Project. Con esta finalidade chegamos a un acordo cos nosos provedores para que en dous anos dupliquen o volume de atún capturado con estas artes e se acade o 40 % do total. Deste xeito, avanzamos no noso plan para a conservación dos caladoiros de pesca e para ofrecer a nosos clientes un consumo máis sostenible. En EROSKI só traballamos con provedores que, na súa política de pesca sostenible, asinaron que non aceptan atún procedente de países apercibidos con tarxeta amarela pola Unión Europea por incumplir as medidas aprobadas polas organizacións rexionais de pesca e non establecer medidas para acabar coa pesca ilegal.

+2.000 toneladas de peixe sostenible certificado con selos como MSC ou GlobalG.A.P. en 2018

“Froitas e hortalizas feas” contra o desperdicio alimentario

Segundo a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, un terzo dos alimentos producidos pérdese ou desperdiciase en todo o mundo. En EROSKI, como parte do noso compromiso coa sostibilidade do sector agrícola e contra o desperdicio alimentario, apostamos pola comercialización de variedades de froitas e hortalizas chamadas “feas”, polo seu aspecto ou tamaño.

En 2018, a campaña levouse a cabo en 560 establecementos da nosa rede comercial, incluídos 79 centros de CAPRABO e franquías. Como novidade nesta edición, Baleares sumouse coa súa participación en 14 tendas transformadas. En total, en 2018 comercializáronse, en toda a rede, 1.055 toneladas de froitas e hortalizas “feas”.

Ecodeseño de envases e produtos

Desde a creación da marca propia, en EROSKI vimos traballando para mellorar os envases dos nosos produtos. En 2008 comezamos a incluír, ademais, criterios ambientais no seu deseño, tales como a selección de materiais cunha orixe sostible e que favorezan a súa reciclabilidade ou a redución da cantidade de materias primas usadas para a súa fabricación e embalaxe. Estas accións propician a redución do impacto ambiental global dos envases e

embalaxes, o que, nalgúns casos, supón aforros económicos derivados da optimización das fases de produción e loxística.

En 2018 traballamos na definición da nosa estratexia de plásticos e adquirimos os seguintes compromisos para loitar contra a contaminación por plásticos:

<p>Reducir polo menos un 20 % as toneladas de plásticos dun só uso para 2025.</p> 	<p>Reducir os plásticos dun só uso, eliminando tamén os plásticos en obxectos dun só uso que non son envases, como os pratos ou os cubertos.</p>	<p>Fomentar o uso de bolsas reutilizables.</p>
<p>Aumentar a venda a granel de froita e verdura nas nosas tendas.</p>	<p>Revisar todos os envases de marca propia para que sexan 100 % reciclables, eliminar o sobreenvasado ou reducir o peso do envase todo o posible en 2025.</p>	<p>Ser máis transparentes: adaptar os nosos sistemas para facer públicos, en futuros exercicios, os datos de todos os envases de marca propia que poñemos en circulación, e o impacto que as nosas medidas terán para reducir a nosa pegada plástica de forma anual.</p>

Nova gama de bolsas máis respectuosas co medio

A finais de 2018 comezamos a substituír progresivamente as nosas actuais bolsas dun só uso por bolsas compostables fabricadas con material de orixe vexetal. Este tipo de bolsas incluíronse no noso servizo de compra en liña. Ademais, a bolsa reutilizable certificada por AENOR substituíuse por unha bolsa que contén, polo menos, un 55 % de plástico reciclado, para potenciar unha economía circular. Así mesmo, na gama tamén incluímos unha nova bolsa de papel de orixe sostible certificado FSC, como resultado da escoita a nosos clientes. Todas elas súmanse ás bolsas reutilizables de rafia xa existentes, fabricadas con plástico reciclado, e á bolsa solidaria, que reúne a protección do medio ambiente con fines sociais.

Nesta liña, en CAPRABO sumámonos a unha iniciativa pioneira: a primeira proba piloto de substitución de bolsas de plástico dun só uso, de caixa e de sección nos comercios, por bolsas compostables. O **#projecteCERES** é unha iniciativa da Fundación Ellen MacArthur, enmarcada no Programa Circular Economy 100. Este proxecto quere aproveitar que os comercios van empregar

bolsas compostables para promover a recollida orgánica. O proxecto supón a coordinación de fabricantes de plástico compostable, o sector da distribución e as administracións públicas encargadas da recollida e a reciclaxe do lixo orgánico. Con esta acción repartíronse ás familias 10.000 bolsas reutilizables para pesar froita e verdura, o que supuxo un aforro de 250.000 bolsas dun só uso.

1.341 millóns de bolsas de plástico de un só uso evitadas grazas ás nosas bolsas reutilizables

Consolidación da comunidade #PorElClima



Desde 2017 formamos parte da comunidade #PorElClima, un espazo de encontro de todos os actores (empresas, administracións públicas, ONG, medios de comunicación e particulares) que xa están actuando polo clima co obxectivo de garantir o cumprimento do Acordo de París contra o cambio climático que lle corresponde ao noso país. Ademais, a través da nosa pertenza a esta comunidade, comprometémonos a levar a cabo un plan para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

A principios de 2018 inaugurouse o **escaparate porelclima.com**, unha plataforma que quere converterse na principal oferta de produtos e servizos responsables. En porelclima.com pódense atopar tanto bens e servizos responsables de grandes ou medianas empresas como os diferentes produtos e servizos verdes que están medrando de forma exponencial no noso país.

Loxística


Lean&Green: Cara a unha loxística sostible

Obtivemos o premio ao proxecto Lean&Green outorgado pola Asociación de Fabricantes e Distribuidores (AECOC). Con este certificado, o Grupo EROSKI lidera a plataforma Lean&Green xunto con outras quince empresas do sector consumo. O obxectivo de Lean&Green é xerar unha rede de compañías líderes no campo da loxística sostible, para incrementar a súa capacidade de aforro e reducir as súas emisións de CO₂ en, polo menos, o 20 % en cinco anos. Este premio certifica que presentamos o plan de accións para conseguir a redución desafortunadamente entre 2015 e 2020. Lean&Green é a maior plataforma europea de colaboración especialmente dirixida a reducir as emisións asociadas á cadea de subministro.

Nos últimos catro anos conseguíu reducir un 14 % as emisións por transporte, o que supón evitar máis de 11.000 toneladas de emisións equivalentes de CO₂ a través das seguintes accións:

- Reorganización de plataformas de non alimentación por venda de tendas a CARREFOUR e DIA.
- Reorganización de plataformas da zona centro/sur por venda de tendas a CARREFOUR e DIA. Peche da plataforma de Mercamadrid.
- Eliminación da plataforma Larabetzu para a optimización de rutas.
- Reorganización das plataformas norte.
- Renovación da frota. Eliminación de vehículos ata Euro III.
- Incorporación dos semirremolques.
- Incorporación de camións de 25x25 m á frota.
- Incorporación de vehículos impulsados por gas natural comprimido (GNC) ou licuado (GNL).
- Procedementos de descarga nocturna.
- Modificación nos procedementos de carga en plataformas de fresco.
- Modificación nos criterios de carga para a actividade de *ex work*.
- Incremento de enchido de camións.
- Optimización de rutas e illamento de pedidos.
- Formación en técnicas de conducción ecolóxica dos condutores da rede de transporte por estrada de EROSKI.
- Compra de enerxía verde.

Eficiencia e sostibilidade como eixes do noso novo modelo de transporte



1 Aprovechamento máis eficiente:

- Mellora na planificación da demanda.
- Optimización continua do modelo de transporte de compra en orixe.
- Concentración e simplificación do noso mapa de plataformas.
- Implantación do transport manager system, que permite optimizar a planificación e o seguimento das rutas e o enchido de mercancías.
- Colaboración con provedores para optimizar o uso dos vehículos

2 Vehículos e conducción menos contaminantes:

- Renovación da frota coa incorporación de vehículos adaptados á nova normativa anticontaminación da Unión Europea Euro 6.
- Uso de aditivos no combustible que poden diminuír os gases de efecto invernadoiro ata un 40 %.
- Fomento do uso de vehículos eléctricos.
- Utilización de vehículos que permiten un enchido máis óptimo, como os city trailer.
- Uso de vehículos que usen gas licuado de petróleo como combustible.
- Equipamento dos vehículos con determinados dispositivos electrónicos que favorecen unha conducción máis eficiente.
- Formación en técnicas de conducción ecolóxica.

3 Plataformas máis sostibles:

- Uso de iluminación LED, detectores de presenza, robots de temperatura e aproveitamento da luz natural para mellorar a eficiencia enerxética das plataformas.
- Instalación de paneis solares para un aprovisionamento de electricidade cun menor impacto ambiental.
- Redución da cantidade de materiais de embalaxe empregados.

4 Loxística inversa:

- Obxectivo: xestionar e valorizar os residuos xerados nas tendas. Esta medida enmárcase dentro do noso obxectivo de "Desperdicio cero", xa que permite a recollida e o tratamento de todos os subprodutos orgánicos e inorgánicos para o seu correcto reciclado.

5 Optimización da loxística urbana:

- Descargas nocturnas, a utilización de carrís multiuso ou a reserva dinámica de prazas de descarga para minimizar o impacto no medio urbano.
- En relación coa contaminación por ruído, o modelo de distribución nocturna contempla o subministro do produto centralizado ás tendas pola noite. Os niveis de emisión sonora durante o período nocturno son máis restritivos que durante o horario diúrno. Para garantir estes niveis durante as operacións de carga e descarga, o modelo de distribución contempla unha serie de medidas adoptadas en distintas áreas. Por unha banda, prevese a adecuación do local: sistemas de peche, alarmas sectorizadas, illamento acústico, etc. Do mesmo xeito, tense en conta o equipamento necesario, como carretillas, traspaletas silenciosas e salvabordos. Por outra banda, fórmase e infórmase ao persoal implicado nos protocolos de traballo silencioso que se deseñaron, diferenciando os protocolos para cada posto de traballo: persoal diúrno de tenda, persoal auxiliar nocturno e repartidores. Por último, co obxecto de corrixir desviacións, incorpóranse procesos internos de auditoría para detectalas e comprobar o cumprimento dos protocolos de traballo establecidos nos puntos de venda operativos. Moitas destas medidas defínense en colaboración cos concellos para garantir a súa idoneidade.



Tendas ecoeficientes

A renovación e ampliación da rede comercial de EROSKI para a súa adaptación ao noso modelo "contigo" inclúe tamén a adopción de melloras na súa construción e xestión acordes con criterios ambientais.

A eco-innovación caracterizou as tendas EROSKI desde os seus inicios. Proba diso foi a posta en funcionamento, hai máis de 20 anos, do primeiro sistema de xestión ambiental nacional certificado coa ISO 14001 no noso hipermercado de Artea en Leioa (Biscaia). A nosa aspiración é dispor de supermercados autoabastecibles

en enerxía renovable e que acaden un balance de CO2 neutro. Para iso, nas nosas tendas desenvolvemos proxectos de I+D+i, dos que son exemplos significativos a tenda cero emisións de Oñati (Guipúscoa), que renovou en 2018 a súa certificación enerxética ISO 50001. As boas prácticas aprendidas nestas tendas estanse a aplicar nos demais establecementos da nosa rede comercial.

O noso renovado modelo mellora a eficiencia enerxética a través de novos sistemas e equipamentos eficientes de frío, climatización e iluminación. A eficiencia enerxética únese á xestión de residuos cero que converte a tenda "EROSKI contigo" nun establecemento punteiro en política de sostibilidade e medio ambiente. Estendemos este novo modelo enerxético a todas as aperturas e reformas de supermercados e hipermercados.

Construción e equipamento sostible

Apostamos por deseños e equipos que consuman menos enerxía e cun menor impacto ambiental. Algúns exemplos de medidas implantadas son:

Iluminación LED

Todas as luminarias son LED de última xeración e os acendidos contrólense desde un autómatas que optimiza o seu uso e minimiza a contaminación luminosa polas noites. Este tipo de luminarias poden ser recicladas e non conteñen materiais contaminantes como mercurio, chumbo ou tungsteno. A esta medida súmase a instalación de solo flotante e de illamento tanto térmico como acústico no local.

As instalacións de frío

As medidas ambientais aplicadas nas instalacións frigoríficas concéntranse principalmente na instalación dunha central frigorífica negativa de CO2 e da positiva de R134, que permiten un aforro importante de enerxía e traballan con gases respectuosos co cambio climático. Esta instalación incorpora tamén un sistema de condensación flotante que reduce o consumo eléctrico.

O mobiliario frigorífico componse de mobles de última xeración provistos de portas acristaladas que evitan que os corredores da tenda arrefrían e garanten unha mellor conservación dos produtos, xa que manteñen de xeito estrito a temperatura á que se deben conservar, ademais de contribuír ao benestar da clientela nas tendas.

Uso de refrixerantes con baixo impacto de efecto invernadoiro

Utilizamos gases refrixerantes que combinan un potencial nulo de esgotamento da capa de ozono, un baixo potencial de calentamento atmosférico e unha alta eficiencia enerxética. Ademais, en 2018 instalamos o sistema DNI detector de nivel intelixente para detectar fugas en 27 centros, a fin de minimizar ao máximo as emisións destes gases.

Climatización

Para unha óptima climatización, o modelo enerxético incorpora a instalación do sistema roof top cun illamento acústico específico para vivendas e un sistema de recuperación de calor para a sala de vendas, que se suman ás pantallas acústicas da central de frío. O clima está integrado no sistema de xestión, que controla a temperatura, a humidade e a calidade do aire cun sistema remoto de vixilancia ante eventos que incrementen o consumo eléctrico. A instalación conta con analizadores de redes para o control do consumo, integrados nun software de análise propio desenvolvido polo equipo de enerxía de EROSKI, que xera alarmas de funcionamento cando os consumos eléctricos se desvían do previsto.

Economía circular

Afrontamos a xestión e valorización dos residuos desde a prevención e a integración dun modelo de economía circular.

Como un dos eixes básicos de actuación para a redución do impacto ambiental, centramos gran parte dos nosos esforzos en previr, xestionar e valorizar os residuos que xeramos.

Minimización dos residuos

Traballamos para minimizar os residuos derivados da nosa actividade mediante a aplicación do ecodeseño aos produtos de marca propia, a promoción de artigos frescos próximos á súa data de caducidade e a doazón a persoas en risco de exclusión social de alimentos aptos para o consumo que se desbotaron para a venda a través do programa "Desperdicio cero". En 2018 adherímonos á plataforma vasca contra o desperdicio alimentario para unir esforzos co resto dos axentes da cadea de valor para minimizar o desperdicio de alimentos.

Nesta mesma dirección, fomentamos tamén entre a nosa clientela medidas coma o uso de bolsas reutilizables para reducir o número de bolsas de plástico que se tiran cada día. En 2019 incorporaremos progresivamente redes reutilizables na sección de froitería, para minimizar o consumo das bolsas dun único uso.

Xestión e valorización dos residuos

En EROSKI responsabilizámonos de que os residuos xerados nas nosas instalacións e tendas se xestionen e valoricen correctamente, fomentando a reciclaxe e a reutilización como tratamentos prioritarios. Desde a perspectiva da economía circular, potenciamos os procesos de loxística inversa, desde as tendas ata as plataformas e as empresas provedoras, que permiten unha correcta reutilización e reciclaxe dos residuos orgánicos e inorgánicos xerados. Isto implica non só minimizar a cantidade de refugallo, senón tamén evitar o consumo de materias primas virxes noutros procesos produtivos.

Residuos orgánicos

Mediante loxística inversa ou xestores autorizados, recolleemos os residuos orgánicos xerados nas nosas tendas para o seu uso como materias primas na fabricación de fariñas e aceites animais, así coma de pensos para a alimentación animal.

Residuos inorgánicos

Como produtores de marca propia, declaramos anualmente os envases, aparatos eléctricos, pilas, aceites e luminarias dos nosos produtos aos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada de produtor, como Ecoembes

ou Ecovidrio. Estas entidades garanten a correcta recuperación e xestión dos residuos derivados do uso dos nosos produtos. Grazas á reciclaxe dos envases que declaramos a Ecoembes, evitouse a emisión de máis de 1.178 toneladas de CO2 equivalentes nun ano.

- Reciclamos o 100 % do cartón, plástico, papel e madeira xerados nas nosas instalacións. Para facelo, recolleemos os distintos materiais desbotados nas nosas tendas e colaboramos con diferentes sistemas integrados de xestión autorizados para o seu tratamento.
- Reutilizamos os envases loxísticos nas nosas operacións de distribución.
- Facilitamos aos consumidores a reciclaxe dos seus residuos. Para logralo, poñemos á súa disposición nas nosas tendas puntos limpos para a recollida de pilas, aparatos eléctricos, lámpadas, roupa, aceite doméstico e tinta de impresión, entre outros produtos usados.

Un ano máis, CAPRABO participou na Semana Europea de Prevención de Residuos, co obxectivo de sensibilizar sobre a importancia de traballar de forma conxunta na prevención de residuos, a reutilización e a reciclaxe de materiais a partir de accións concretas e a difusión de campañas informativas.

Reciclaxe de cápsulas de café

Seguimos avanzando no noso compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar criterios de consumo máis sostibles, polo que puxemos en marcha un proxecto de reciclaxe de cápsulas de café. Trátase dunha iniciativa piloto que arrancou en tendas do País Vasco, Navarra e Baleares e que fai de nós o primeiro gran distribuidor de España en instalar puntos de recollida propios de cápsulas de café de calquera material e marca.

Instalamos contedores específicos, identificados nos nosos puntos de venda, para que os clientes poidan depositar as cápsulas de café usadas: este é un proceso de loxística inversa que contempla o envío das cápsulas recollidas en cada tenda á planta na que serán retiradas polo xestor autorizado autorizado PLS POOLING para o seu tratamento e reciclaxe. O café e as cápsulas biodegradables converteranse en fertilizante para substrato de setas ou fungos e noutras compostaxes, e o plástico e o aluminio reciclaranse e fundiranse para xerar novos envases de plástico e aluminio, respectivamente. En 2018 recolleemos máis de 4 toneladas de cápsulas de café nas 15 tendas piloto.

Persoas consumidoras

En EROSKI somos conscientes de que cada persoa, ao elixir un modelo de consumo sostible e responsable, pode contribuír á protección ambiental. Diriximos o noso esforzo cara á formación e concienciación dos consumidores mediante o desenvolvemento de campañas de sensibilización e a publicación de contidos pedagóxicos nas nosas plataformas web e outros soportes informativos. En liña con este obxectivo, tamén fomentamos e desenvolvemos iniciativas colaborativas coa clientela, os traballadores e as institucións.

Sensibilizar

“A hora do planeta”

En EROSKI sumámonos, por oitavo ano consecutivo, á campaña “A hora do planeta”, promovida por WWF co apoio de Nacións Unidas, tomando parte no apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio, e que este ano tivo por lema “Conéctate e apaga a luz”.

Programa medioambiental

“Camiño a Camiño”

Un ano máis, VEGALSA-EROSKI participou en “Camiño a camiño”, un programa ambiental do Concello de Vigo que promove actividades de coidado e mellora do noso contorno. Nesta última edición, os fondos doados destinouse a paliar as consecuencias dos incendios que asolaron o Concello de Vigo.

“Unha árbore, unha historia”

En VEGALSA-EROSKI seguimos a promover o valor da sostibilidade medioambiental entre os escolares galegos a través do noso proxecto “Unha árbore, unha historia”. Unha iniciativa coa que buscamos achegar o noso compromiso co contorno natural aos máis pequenos da casa cun concurso literario de relatos curtos e facéndoos parícpes dos labores de reforestación que realizamos cada ano nas inmediacións dos nosos establecementos. En 2018 replantamos 30 especies de arbóreas de carballos e castiñeiras nas proximidades do hipermercado EROSKI de Noia.

Semana Europea da Prevención de Residuos 2018 en CAPRABO

Desde CAPRABO sumámonos á iniciativa da Semana Europea de Prevención de Residuos 2018 a través de distintas accións de concienciación e sensibilización destinadas a promover a reutilización e a reciclaxe de roupa e zapatos, para minimizar o residuo que xeran nos vertedoiros.

Informar

Canle do ambiente EROSKI CONSUMER

Contamos cunha canle especializada en ambiente en www.consumer.es para formar as persoas en hábitos de consumo sostibles. Para iso, facilitamos contidos sobre natureza, ambiente urbano, parques naturais, enerxía e ciencia, entre outros. Esta canle recibe máis de 250.000 visitas mensuais.

Escola de alimentación EROSKI

Dispomos dun módulo específico sobre sostibilidade no programa educativo sobre alimentación e hábitos saudables da Escola de Alimentación EROSKI, no que WWF tamén participa mediante a achega de contidos. Grazas a este módulo educativo formamos en sostibilidade, produción sostible de alimentos e dieta sostible a 406.401 estudantes no curso 2017/2018. Ademais, a nosa web www.escueladealimentacion.es inclúe contidos formativos sobre como evitar o desperdicio alimentario.

“Devólvelle a cor á natureza”

Con esta iniciativa incentivamos os máis pequenos a coidar o ambiente a través do noso concurso de debuxo “Devólvelle a cor á natureza” nas tendas VEGALSA-EROSKI. O único requisito para os participantes foi estar dispostos a dar renda solta á súa imaxinación e debuxar un medio de transporte ecolóxico para a ecopatrulla de VEGALSA-EROSKI. Entre os premios entregados houbo unha bicicleta e dez visitas ao Parque Zoolóxico Marcelle Natureza.

“Únete ao consumo responsable.

Reduce Reutiliza Recicla”

En 2018 colaboramos coa campaña de HISPACOP que co lema “Únete ao consumo responsable. Reduce Reutiliza Recicla” persegue informar, formar e concienciar os consumidores da importancia do consumo responsable para que reduzan o desperdicio alimentario, reutilicen os recursos e reciclen correctamente os residuos xerados no ámbito doméstico. Esta campaña forma parte do proxecto “Xestión de refugallo, desperdicio alimentario e consumo responsable” financiado pola Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. A iniciativa desenvolveuse simultaneamente en diferentes tendas de EROSKI situadas en Cantabria, A Rioxa, Navarra e País Vasco.

“Móllate, por un San Xoán Sostible”

En VEGALSA-EROSKI sumámonos á campaña, promovida polo Concello da Coruña a través da Concellaría de Ambiente, “Móllate, por un San Xoán Sostible”, cuxo obxectivo foi reducir a xeración de residuos durante a celebración desta festividade. Contribuímos a esta iniciativa facendo unha tiraxe especial de bolsas de papel cun deseño homenaxe a San Xoán, que entregamos aos nosos clientes de xeito gratuíto ao seu paso por caixa. Un total de 27 establecementos da zona metropolitana da Coruña participaron nesta acción, na que se repartiron un total de 61.000 bolsas de papel biodegradable.



Actuar

Programa Actívate +

Participamos na iniciativa “Actívate +” da Deputación Foral de Biscaia, baseada no programa internacional Global Action Plan, que busca fomentar a participación cidadá en favor da sostibilidade ambiental mediante o desenvolvemento de hábitos de consumo axeitados. Así, colaboramos xunto con outras seis entidades vascas no programa, que conseguiu implicar a 2.302 fogares, 80 centros e 43.204 escolares desde 2012. A medición dos efectos conseguidos tras pór en práctica a formación recibida constatou un aforro anual medio do 16 % do consumo enerxético nos centros escolares participantes.

Campaña da bolsa solidaria con WWF

EROSKI e WWF colaboraron nunha campaña solidaria para a conservación dos bosques e a recuperación dos ecosistemas degradados. Para iso, en EROSKI doamos os 22.500 euros recadados pola venda da nosa bolsa solidaria a esta organización de conservación da natureza. Con este levamos seis anos doando a totalidade dos beneficios da venda da bolsa solidaria ao prezo de 1 euro nas nosas tendas. Desde o seu lanzamento en 2013, a cooperativa vendeu máis dun millón de bolsas solidarias e os beneficios repartíronse entre abondosas organizacións tales como Cruz Vermella, Unicef, Oxfam Intermón e Save the Children, entre outras.

Proxecto de conservación de especies en dous espazos naturais de Áraba

Co recadado este ano pola venda de bolsas de plástico reutilizables como alternativa ao vidro, doamos 5.000 euros, aos que se uniron outros 5.000 achegados directamente polo Departamento de Medio Ambiente da Deputación Foral de Áraba, destinados a un proxecto de conservación do avión zapador en dous espazos naturais de Áraba. Con esta acción apostamos por gozar da festa ao tempo que cumprimos co noso compromiso coa sostibilidade ambiental e o coidado do noso entorno natural.